



2021/TRIBUNAL/000024

ASUNTO: ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A CONFECCIÓN DUNHA LISTA DE RESERVA (LISTA B) PARA A PROVISIÓN INTERINA DE PRAZAS DE TÉCNICO/A EN INFRAESTRUTURAS CULTURAIS, GRUPO A ,SUBGRUPO A1 .

Reunido o día 07.09.2021 o tribunal cualificador do proceso selectivo sinalado no asunto, adoptou os seguintes acordos:

1.- VALORACIÓN DOS MÉRITOS DA FASE DE CONCURSO.

Realizada a valoración dos méritos alegados e xustificados pola persoa aspirante na fase de concurso, segundo o baremo establecido na base 5.2 das da convocatoria, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 62, de 5 de abril de 2021, o resultado foi o seguinte:

ASPIRANTE	FORMACIÓN ACADÉMICA	FORMACIÓN ESPECÍFICA	COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO	EXPERIENCIA PROFESIONAL	TOTAL
VÁZQUEZ LIÑEIRA, JORGE	0	4,60	0,80	0	5,40

2.- CUALIFICACIÓN DEFINITIVA.- De conformidade co establecido no artigo 11 das bases reguladoras do proceso selectivo, a puntuación total das persoas que superaron os exercicios eliminatorios da fase de oposición, obrigatorios e eliminatorios, do proceso selectivo convocado para a confección dunha lista de reserva (lista b) para a provisión interina de prazas de técnico/a en infraestruturas culturais, grupo A ,subgrupo A1, queda do seguinte xeito:

ASPIRANTE	1º EXERCICIO	2º EXERCICIO	3º EXERCICIO	FASE CONCURSO	TOTAL
VÁZQUEZ LIÑEIRA, JORGE	5,00	5,00	-	5,40	15,40

3.- PROPOSTA DE LISTA DE RESERVA.- En consecuencia, o tribunal eleva á concelleira de Persoal e Cultura a puntuación definitiva do aspirante con especificación das puntuacións en cada exercicio da oposición e da fase de concurso para a confección dunha lista de reserva (lista b) para a provisión interina de prazas de técnico/a en infraestruturas culturais, grupo A ,subgrupo A1.

4.- PUBLICACIÓN DO RESULTADO.- O Tribunal dispón que pola Secretaria se publique no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra, situado na rúa Michelena núm.30 (baixo) e, de forma complementaria, na Sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal) a relación coas cualificacións obtidas polo/as aspirantes aprobado/as , de conformidade co disposto na base 11 e 12 das reguladoras da convocatoria.

De conformidade co artigo 11 das bases reguladoras no prazo de 3 días hábiles desde a publicación nos lugares establecidos no artigo 15 do resultado da fase de concurso, os/as aspirantes poderán presentar reclamacións contra o resultado provisional da fase de concurso podendo achegar, en concepto de emenda e para a súa valoración aqueles documentos que acrediten méritos alegados e insuficientemente xustificados polos interesados na documentación alegada coa instancia de participación. En ningún caso se terán en conta outros méritos distintos dos alegados inicialmente polos/as aspirantes na súa instancia de participación.

Eliminaranse aqueles/as aspirantes que non superen algún dos exercicios eliminatorios da fase de oposición.

A orde definitiva dos/as aspirantes estará determinada pola puntuación final obtida no concurso-oposición.



Sen prexuízo das alegacións ou solicitudes que os/as aspirantes consideren oportunas realizar, contra as resolucións do tribunal e os seus actos de trámite cualificados poderase interpoñer, para esgotar a vía administrativa, o recurso de alzada ante a autoridade que o nomeou, no prazo de un mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, consonte ao establecido no artigo 121 e seguintes da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento administrativo das administracións públicas.

Non obstante, os/as interesados/as tamén poderán interpoñer calquera outro recurso que estimen procedente consonte a dereito.

Documento asinado electrónicamente pola secretaria do Tribunal, en Pontevedra, na data indicada na sinatura electrónica.

